

LÉREZ UP



**SETEMBRO
28-29**

Recinto Feiral de Pontevedra

**Salón do videoxogo
e da cultura friki**

Máis info en gamingtroop.es/lerezup

ORGANIZAN



PATROCINAN

Oro




Plata



Bronce





A **Lérez Up** nace como un punto de encontro para os apaixonados da cultura xaponesa ou coreana, os videoxogos, o manga e o anime. Pero tamén é un espazo onde buscar alternativas de ocio que comprenden dende obradoiros de arte, xogos de rol, pasando por xogos de mesa non convencionais, ata actividades para nenos.

Este evento ten tamén un carácter didáctico, onde profesionais de diferentes sectores (arte, ilustración, videoxogos, cosplay) comparten as súas habilidades e experiencias en charlas ou talleres.

Un evento familiar para todo rango de idades, cun programa de actividades amplo para todos os gustos: concursos de Cosplay ou K-Pop, torneos en consolas, realidade virtual, proba de videoxogos independentes e ata concertos musicais con banda sonora de películas, series e videoxogos.

Este evento é posible grazas ó apoio do **Concello de Pontevedra**, os **patrocinadores** (Percalandia, PCBox, Lareira Digital, Domino's Pizza, Bandai Namco, Código Oculto) **colaboradores** e todo o **equipo organizativo con todos os voluntarios**.

Nace dende unha pequena asociación que empezou en 2016 con catro ordenadores. Seis anos máis tarde, en 2022, decidiu soñar ao grande e facer un evento lúdico en Pontevedra, conseguindo 3000 asistentes na primeira edición.

Grazas por asistir ó noso pequeno proxecto, que cada ano vaise facendo máis grande :)



MAPA POR ZONAS

4

MAPA DE STANDS

5

PROGRAMACIÓN: SÁBADO 28

6

PROGRAMACIÓN: DOMINGO 29

8

COSPLAYERS INVITADAS

10

ARTISTAS INVITADOS

11

MESA REDONDA

13

VIDEOXOGOS INDIE

14

ASOCIACIONES

15

INFORMACIÓN IMPORTANTE

17


MAPA DO RECINTO

- 1 SALÓN DE ACTOS
- 2 VESTIARIOS COSPLAY
- 3 ZONA XOGOS DE MESA
- 4 ESCENARIO SECUNDARIO
- 5 MESA DE INSCRICIÓN
- 6 ZONA STAR WARS
- 7 ZONA PONTELABS
- 8 STANDS
- 9 ZONA VR E SIMRACING
- 10 ZONA CONSOLAS
- 11 ZONA JUGGER
- 12 ZONA IDOL GAMES
- 13 ZONA INDIE
- 14 ZONA CARD GAMES
- 15 ZONA FIGHTING GAMES
- 16 ZONA TALLERES
- 17 ZONA OFFLINE
- 18 ZONA PCs
- 19 ZONA DE DESCANSO
- 20 ZONA K-POP



MAPA DE STANDS

ENTRADA



- | | | | |
|----------------------------------|-----------------------------|-------------------------------|--|
| 1 Akurin | 16 Marten Dumpster | 31 Moe Luv | 46 Bluespectrum & Velvetdemon |
| 2 Kaisiwiwi & MeryNyan | 17 WhiteBirdie's | 32 EiO & juanjotagé | 47 OurilGames |
| 3 Laprislazuli | 18 Iria Moura | 33 Alba Santa | 48 Noma Art |
| 4 Belén Diz | 19 Mylastleaves & Criser | 34 Anartquia | 49 Lilium Art |
| 5 Paula Cheshire | 20 Myster21 | 35 RatzaCompany | 50 Der Herr |
| 6 Flufosoft & Caos y entropia | 21 Airyn & Dessxericas | 36 What a prince & sometrasnó | 51 Hika Art |
| 7 Petupeginas | 22 SeagullMoe & MissYutopia | 37 Bluelen | 52 Tomotoad & milinshiku |
| 8 Limbo Illustration | 23 Sally D' Triz | 38 Sopificacion & lagarte | 53 Kiwiratas |
| 9 Katsuvy | 24 Loulahey & Wikinshi | 39 Digital Harlequins | 54 Sapos e Culebras |
| 10 Corvi's Cottage | 25 Eternalverse | 40 Aris Art | C1 ALMA Paint & Print / Tina's Tufting |
| 11 Morcego Noxento & Tresdosseis | 26 Delulus | 41 UxíaFranri | C2 Hobbyretro |
| 12 Terebi Magazine | 27 Missalioli | 42 AngieLaura | C3 Nanako Coffee |
| 13 Anaguchi | 28 Macy Art | 43 Xen Art & Chuco | C4 Mimobooks |
| 14 Nailurus | 29 Promised Land Creations | 44 Isa Cobo | C5 Mieira Ilustra |
| 15 Calpurnia & rrrrarg | 30 Nebula Needle Atelier | 45 Umi Kuma | C6 Frikiland |
| | | | C7 Gáidil |
| | | | C8 Percalandia |

ZONA CONSOLAS

12:30 Torneo Switch Sports

15:00 Torneo Street Fighter 6

16:00 Torneo Mario Kart 8

17:00 Torneo Guilty Gear Strive

18:00 Torneo Under Night In-birth II



ZONA PCs

11:30 Torneo League of Legends

12:00 Torneo Valorant Console Cup

12:30 Torneo TFT 16:30 Reto Fortnite



SALÓN DE ACTOS

17:00 Concurso de Cosplay

18:30 Freak GZM: Actuación musical



ZONA IDOL GAMES

11:00 Bingotaku

12:00 Audiotrivial

13:00 Onde te sentaches?

14:00 Just Dance

15:00 Frikidates

17:00 Torneo Just Dance

20:00 Cal é este Pokemon?



ZONA XOGOS DE MESA

*LUDOTECA *Mesas Corvus Belli

*GINCANA con sorteo *Mesas proto

*ESCAPE ROOM "As caixas misteriosas"

*Demos Sensha-dō Panzer Academy

*Rol: Vampiro e D&D

09:00 Torneo Infinity

17:00 Torneo Navia

18:00 Torneo Mitogali



ZONA FIGHTING GAMES

10:30 Torneo Smash (Singles)



ZONA VR & SIMRACING

*Beat Saber (actividade libre)

*Project Cars (actividade libre)

18:00 COD Zombies multixogador coop



ZONA K-POP

11:00 Random Dance

12:00 Carreira de obstáculos

13:00 Taller de Danza K-Pop

14:00 Batallas 1vs1

15:00 Karaoke

16:00 Random Dance

17:00 K-Pop Showcase

19:00 Noite de películas



* actividades sen horario definido que duran todo o día

ZONA STAR WARS

- 11:00 Taller Crea o teu propio sabre de luz
- 16:00 Clase "Duelo con sabres de Luz: Os camiños da Forza"
- 17:30 Torneo: Duelos de sabre de luz
- *Photocall solidario *Asaltos libres

ZONA ESCENARIO

- 12:00 Charla: Siluetas e tecidos para Cosplay **Akurin**
- 13:00 Charla sobre mitoloxía: O espírito que late nas lendas **Dornavela Edicións**
- 16:30 Mesa redonda: Videoxogos na actualidade e próximos retos **Sabela Alonso, Víctor Fernández Olaia Ferrando, Silvia Izquierdo**
- 18:00 Coñece os xogos indie da man dos seus creadores **Bucket Forge, Ceres, Devmo Games, heli_berry, Under castle, Virtual seed, Wiwisteo Games**

ZONA TALLERES

- *PINTA O TEU CARTEL **Belén Diz**
- 16:30 Retrato a bolígrafo
- 19:00 Contacontos do Lobishome + elaboración monicreque **Dornavela Edicións**

ZONA CARD GAMES

- *Magic, Pokemon e Lorcana: Mesas de Iniciación e Xogo libre
- 11:30 Commander Party (Magic)
- 16:00 Torneo Pauper (Magic)

ZONA JUGGER

- 11:00 Exhibición e explicación de veteranos
- 12:00 Taller para novatos
- 17:00 Exhibición e explicación de veteranos
- 18:00 Taller para novatos
- 19:00 Taller Como facer as armas

ZONA PONTELABS

- *Exposición de proxectos tecnolóxicos (3D, electrónica, etc.)

ZONA OFFLINE

- *Jenga xigante
- *Nerf
- *Not Rocket League
- *Gincana Among Us
- *Tetris
- *Puzzle room

* actividades sen horario definido que duran todo o día

ZONA CONSOLAS

12:30 Torneo Duck Game



15:00 Torneo Dragon Ball Fighter Z

16:00 Torneo Mario Kart 8



16:30 Torneo EA Sports FC 24

17:00 Torneo Melty Blood Type Lumina

ZONA PCs

11:30 Torneo Valorant



12:30 Torneo LOL: 2vs2

SALÓN DE ACTOS

16:00 Yello: Actuación musical



17:00 Concurso de K-POP

ZONA IDOL GAMES

11:00 Emojinanza

12:00 Adivina a personaxe

13:00 RoscOtaku

14:00 Karaoke

15:00 A ou B?

16:00 Torneo Ultra Star

19:00 Cultura VS Kultura



ZONA XOGOS DE MESA

*LUDOTECA

*GINCANA con sorteo

*Mesas proto

*Mesas Corvus Belli

*Rol: Vampiro e D&D



09:00 Warhammer: Age of Sigmar

ZONA FIGHTING GAMES

12:00 Torneo Smash (Doubles)



12:30 Torneo Tekken 8

ZONA VR & SIMRACING

*Beat Saber (actividade libre)



*Project Cars 2 (actividade libre)



18:00 COD Zombies multixogador coop

ZONA K-POP

11:00 Random Dance

12:00 Taller de maquillaxe



13:00 Xogo de mímica K-Pop

14:00 Batallas de grupos

15:00 Karaoke



15:45 Random Dance

* actividades sen horario definido que duran todo o día

ZONA STAR WARS

11:00 Taller Crea o teu propio sabre de luz

16:00 Clase "Duelo con sabres de Luz: Os camiños da Forza"

*Photocall solidario

*Asaltos libres

ZONA ESCENARIO

MeryNyan & Kaisiwiwi

12:00 Charla: Guía para o teu primeiro concurso de cosplay

Alba Santa

13:00 Charla: Ser autónoma e ilustradora, Guía práctica

Raisa

14:00 Charla: A viaxe de ser ilustrador editorial

Terebi Magazine

16:00 Charla: Terebi Magazine, disidencia ós mandos



ZONA TALLERES

*PINTA O TEU CARTEL

Escola Oficial de Idiomas (Vigo)

13:00 Caligrafía xaponesa

Limbo Illustration

17:00 Deseño de personaxes

Alan Pettinari

18:00 Crea os teus accesorios de origami



ZONA CARD GAMES

*Magic, Pokemon e Lorcana: Mesas de Iniciación e Xogo libre

11:30 Torneo CEDH (Magic)

11:30 Torneo VGC (Pokemon)

11:30 Torneo TGC Challenge (Pokemon)

16:00 Torneo Pioneer (Magic)

ZONA JUGGER

11:00 Exhibición e explicación de veteranos

12:00 Taller para novatos

17:00 Exhibición e explicación de veteranos

18:00 Taller para novatos

19:00 Taller de como facer as armas



ZONA OFFLINE

*Jenga xigante

*Tetris

*Nerf

*Puzzle room

*Not Rocket League

*Gincana Among Us



ZONA PONTELABS

*Exposición de proxectos tecnolóxicos (3D, electrónica, etc.)

INVITADOS

COSPLAY

O xurado do Concurso de Cosplay valorará os traxes dos participantes. Terase en conta a posta en escena, caracterización e confección de cada cosplayer.

Ademáis, impartirán charlas acerca do mundo do Cosplay. Achégate ó escenario o sábado ás 12:00h ('Siluetas e tecidos para Cosplay' por Akurin), e o domingo ás 12:00h ('Guía para o teu primeiro Cosplay' por Kaisiwiwi e MeryNyan).

KAISIWIVI



Kaisiwiwi adora os traxes de fantasía medieval (como Witcher, Bloodborne o Baldur's Gate 3) pero o que máis lle apasiona é buscar personaxes que sexan un reto para ela. Foi premiada en diversos concursos e otorgada mención especiais nas categorías de Costura e Mellor Armadura/Props e, ademáis, participou como xurado en eventos de Barcelona.

MERYNYAN

MeryNyan é unha apaixonada dos videoxogos, en especial os JRPG e de aventura. Grazas o cosplay consegue levar á vida real os personaxes que máis lle gustan.

En 2019 representou a España no Tokyo Game Show Cosplay Project. Ademais de ser xurado en varios concursos, foi tamén premiada polos seus cosplays.



Ámbalas dúas son as representantes de España deste ano 2024 para a World Cosplay Summit, o evento máis importante de Cosplay competitivo a nivel internacional.

AKURIN



Deseñadora, confeccionadora de vestiario escénico e cosplayer cunha traxectoria de 10 anos. É coñecida polos acabados dos seus traxes e os seus tutoriais onde ensina á xente a coser e facer os seus propios cosplays.

ARTISTAS MUSICAIS

FREAK GZM



O proxecto FREAK GZM nace en Decembro de 2020 como espectáculo rueiro ca intención de levar ó espectador a unha viaxe polo universo das bandas sonoras baseado nun amplo repertorio de versións de películas, series, animes, videoxogos, cancións virais “ME-ME” entre outros. Procura cun toque de humor converter a escoita nunha experiencia didáctica para un público de calqueira idade.

Actuación musical no salón de actos (Sábado ás 18:30h)

yello

Compositor, cantante e produtor de 19 anos que leva trasteando con instrumentos musicais desde os 3 anos. É coñecido polos seus remixes de temas de videoxogos así como pola súa música orixinal, con influencias de moitos estilos distintos como o jazz, o funk, música electrónica, e ata orquestral.



Actuación musical no salón de actos (Domingo ás 16:00h)

ARTISTA ESCÉNICA

NEA



Bailarina con máis de 15 anos de experiencia, instrutora e fundadora de clases de K-POP en cidades galegas como Vigo, Pontevedra e Cangas.

Ademais da súa pasión polo K-Pop, tamén é artista de performance e maquilladora profesional.

Organizadora da Zona K-POP

COLABORADORES

Yerma, profesora de Xaponés na Escola Oficial de Idiomas (Vigo) estará con nós impartindo un taller de Caligrafía Xaponesa.



ARTISTAS GRÁFICOS

Belén Diz



Ilustradora marinense adicta a raiar o papel e consumir bolígrafos Bic para crear novas realidades e imaxinarios construídos a partir de recordos, sensacións e sentimentos. As súas ilustracións falan da intimidade, a memoria e da beleza do instante como ese momento finito e irrepetible; do corpo e o fogar.

Taller: Retrato a Bolígrafo · (Sábado ás 16:30h)

Ilustradora e artista gráfica pontevedresa que centra o seu traballo na representación da muller, a amizade e o sentimento de pertenza a un fogar. Uns dos seus últimos traballos foi facer a imaxe do PonteVerán - o programa de lecer e tempo libre de Pontevedra - deste ano.

Alba Santa



Charla: Ser ilustradora e autónoma. Guía práctica (Domingo ás 13:00h)

Raisa



Ilustradora galega cuxo traballo está inspirado na tradición e nas lendas. O seus proxectos van dende o debuxo de fanzines ata a animación. Traballou con editoriais como Sushi Books ou Rinoceronte.

Charla: A viaxe de ser ilustrador editorial (Domingo ás 14:00h)

Debuxante coruñesa cuxo traballo está cheo de personaxes diversos, tigres expresionistas e cores rechamantes. O seu taller consistirá en aprender as ferramentas básicas que vos permitan deseñar personaxes atractivos para que protagonicen as vosas propias historias

Limbo Illustration



Taller: Deseño de personaxes (Domingo ás 16:00h)

Alan Pettinari



Estudou Cultura Xaponesa e Deseño Gráfico en Galicia, logrando así misturar nas súas propias creacións as dúas estéticas. Sempre experimentando entre ilustración e manualidades, consegue crear uns accesorios únicos.

Taller: Accesorios de origami · (Domingo ás 18:00h)

MESA REDONDA

videoxogos na actualidade e próximos retos

Un punto de encontro con profesionais onde nos contan as súas experiencias; abordando o papel da muller na industria e como a intelixencia artificial pode afectar o deseño e desenvolvemento dos produtos.

sabela alonso



Graduada en Fotografía e Belas Artes, redactora en Terebi Magazine, unha revista escrita e xestionada por mulleres e identidades disidentes, tan a miúdo esquecidas dentro da industria do videoxogo. Tamén é profesora de arte para niñes, amante dos videoxogos e creadora de arte inspirada neste medio.

víctor fernández

Game Designer con máis de 10 anos de experiencia. Traballou tanto en xogo móbil como en PC e consola e actualmente traballa Tequila Works. Tamén é creador de contido en VictorDevelops, unha canle de Twitch e Youtube especializado en industria do videoxogo e game design.



olaia ferrando



Deseñadora de experiencia de usuario e interacción en contornas industriais. Investigación do uso do videoxogo como ferramenta de comunicación e educación como colaboradora do grupo de investigación V-NPC da Universidade de Vigo.

silvia izquierdo

Licenciada en Publicidade e RR.PP. e Máster en Producción e Xestión Audiovisual. Desenvolve parte da súa carreira profesional dentro do mundo da produción audiovisual en imaxe real. En 2020 crea, xunto a Rubén López, Aruma Studios. Baixo este selo publicaron Intruder In Antiquonia (2022), para a plataforma Steam, e actualmente traballan en Shadows of the Afterland (2025), unha aventura gráfica en pixel art.



VIDEOXOGOS INDIE

Desenvolvedores e creadores independentes presentarán os seus propios videoxogos que o público terá a oportunidade de coñecer na zona Indie.

Os asistentes ao evento poderán levar un rexistro de todos os xogos que probaron a través dun “Pasaporte Indie”. A medida que proben cada xogo, poderán marcalo no seu pasaporte e, ao final do percorrido, votar polo seu favorito, onde tamén terán a oportunidade de participar nun sorteo sorpresa.

Ademais, os seus creadores presentarán os seus videoxogos no escenario secundario o sábado 28 ás 18:00h, despois da mesa redonda.

Proxectos e creadores desta edición:



**After Juice:
Animal Disco Mafia**
virtual seed



checkout!
bucket Forge



DIMENSION L
heli_berry



**Gelatina
tiene hambre**
under castle



The pet squad
devmo Games



umbra
ceres



wiwisteo Jams collection
wiwisteo Games

ASOCIACIONES



ZONA CONSOLAS

ZONA PCs

ZONA VR & SIM RACING

Gaming Troop é a única asociación de videoxogos galega con sede en Pontevedra. Organizadores da Lérez Up dende 2022, e nesta 3a edición volven organizar torneos e actividade libre en tres zonas diferentes. Estas zonas son para ti se es un amante dos videoxogos ou queres demostrar as túas habilidades e conseguir os premios dos torneos.

Actividades: LoL · Valorant · Mario Kart 8 · Street Fighter 6 · Duck Game · e máis!

ZONA IDOL GAMES



Idol Games son un grupo de amigos que levan anos organizando actividades por una chea de eventos. Se eres fan do manga e o anime esta é a túa zona! Demuestra que sabes máis que ninguén nos retos e actividades que teñen programadas.

Actividades: Torneo Just Dance · Karaoke · Audiotrivial · Frikidates · BingOtaku · e máis!

ZONA XOGOS DE MESA




Rotting Pizza é a asociación lúdica para Pontevedra e para toda a galaxia. Alí onde van levan consigo xogos de mesa, wargames e todo tipo de material para loitar contra dragóns, explorar mundos imaxinarios e en xeral pasalo ben ata facer morrer de envexa aos propios orcos.

Actividades: Rol (Vampiro e D&D) · Ludoteca · Gincana · Scape Room · e máis!



ZONA CARD GAMES



Percalandia (a túa tenda friki de confianza pontevedresa) xunto a Magic Stride, Meigas Clan e Gáidil, encárganse de organizar torneos e actividades nunha zona que comprende Magic, Pokemon e Lorcana. Aprende a xogar nas diferentes modalidades ou participa nos torneos.

Actividades: Torneos · Mesas de iniciación · Liga Pokemon · Xogo libre · e máis!

ZONA FIGHTING GAMES



As comunidades galegas de Smash Bros e Tekken estarán presentes para organizar os torneos de ámbolos dous xogos. O torneo nacional de Smash é unha das actividades máis populares do evento, obtendo máis de 100 participantes nas últimas dúas edicións.

Torneos Smash Bros & Tekken 8 (patrocinado por Lareira Digital e Bandai Namco)

ASOCIACIONES



ZONA STAR WARS

Escuadrón SAS é un pequeno grupo de artistas marciais coruñeses. Participaron en eventos desde antes da Gran Pandemia Galáctica, e empezaron a crear as súas propias espadas hai un ano e medio. Desde entón, van de evento en evento, ofrecendo os seus cachivaches á xente e o coñecemento sobre como usalos.

Actividades: Taller Crea o teu propio sabre de Luz · Duelos · Photocall solidario · e máis!

ZONA JUGGER



O Club Deportivo Olívico Jugger Vigo veñen á Lérez Up a ensinarche o Jugger, un deporte de equipo, onde o obxectivo é anotar máis puntos que o rival antes de que finalice o tempo. Anímate a probalo na súa zona!

Actividades: Duelos 1vs1 · Actividades no exterior · Iniciación · Partidos · e máis!

ZONA OFFLINE



Asociación dedicada a potenciar as iniciativas dos xóvenes e á coordinación do voluntariado. Todo un referente de A Estrada. Coñece a súa zona sen pantallas con actividades lúdicas para todas as idades!

Actividades: Jenga xigante · Gincana Among Us · Nerf · e máis!



Dornavela Edicións orde das inquedanzas de tres persoas vinculadas ó tempo libre, ós contos e historias ofrecendo un amplo abanico de actividades para a os nenos, a mocidade e persoas adultas arredor do marabilloso mundo dos libros.

Actividades: Charla 'O espírito que latexa nas lendas' · Torneo Mitogali · Contacontos

ZONA PONTELABS



Pontelabs é unha asociación pontevedresa que experimenta con tecnoloxías desde unha perspectiva aberta e colaborativa, abarcando Impresión 3D, corte Láser, Electrónica, Arte e moito máis. Todo é posible!

Actividades: Exposición 3D e electrónica

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- O horario de apertura é de **11:00h a 21:00h o sábado 28 e de 11:00h a 20:00h o domingo 29**. Os smashers (pool a) están citados ás 10:30h o sábado, e os participantes nos torneos de Warhammer, ás 9:00h.
- O prezo da **entrada anticipada é de 5€ un día e de 8€ os dous. Terán un custo maior na taquilla (6€ e 9€ respectivamente)**. Están exentos de pagar os menores de 6 anos e os finalistas dos torneos de LoL e Valorant (entrada ámbolos dous días, como premio por chegar ás finais), así como os participantes que pagaron inscrición previa de torneos concretos (como Pokemon)
- Se mercáchedes as vosas entradas pola web, simplemente tedes que achegarvos ó mostrador e canxeala por unha pulseira mostrando o voso **CÓDIGO**.
- A ubicación da Lérez Up é o **Recinto Feiral**, cerquiña do centro da cidade e a uns 20 minutos a pé das estacións. Tamén dispoñedes da línea L1 de autobús urbano dende alí ata a rúa de Alexandre Bóveda, xusto enfrente do Recinto.
- Na **mesa de inscricións** poderedes inscribiros ós torneos (zona Consolas e Pcs) e talleres (propios da zona de talleres, algúns concretos como Taller de Maquillaxe na zona KPOP ou Taller Creación de sable de luz, teñen un custo e inscrición na zona correspondente).
- Podedes traer mando propio.
- Todos os torneos e concursos teñen premio.
- Haberá habilitadas unhas salas como **vestiarios para os cosplayers**.
- Temos unha **consigna** no mostrador por se queredes deixar algunha cousa.
- **Permítese a entrada con comida e bebida**, aínda que tamén temos unha zona de descanso con diferentes foodtrucks e barras de bebida.
- **Non está permitida a entrada a mascotas**.
- Non se pode acceder ó Recinto con patín, bicicleta ou similares, pero podedes deixala na entrada.

Pasádeo xenial e compartide as vosas opinións do evento con nós! :)



@ Lérez Up 2024

